

BACHARELATO

Novidades na avaliación, promoción e titulación

Normativa de referencia.

- [Lei orgánica 3/2020](#), LOMLOE.
- [Real Decreto 984/2021](#), polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na ESO, BAC e FP.
- [Orde de 25 de xaneiro de 2022](#), pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de Primaria, ESO e BAC no sistema educativo de Galicia.
- [Modificación da concreción curricular 2021/2022](#).

Avaliación no bacharelato (Orde 25/01/2022).

Haberá tres avaliacións parciais. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. No caso de 1º de bacharelato, a sesión de avaliación final ordinaria será a partir do 6 de xuño de 2022, mentres que a final extraordinaria se desenvolverá a partir do 23 de xuño.

Promoción no bacharelato (Orde 25/01/2022).

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato en calquera destes dous supostos:

- Aproban todas as materias.
- Suspenden unha ou dúas materias. No cómputo das dúas materias como máximo non se contabilizan as materias específicas de libre configuración autonómica.

Titulación no bacharelato (Orde 25/01/2022).

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que teña unha materia pendente, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. A estes efectos, enténdese por inasistencia continuada unha acumulación de faltas inxustificadas superior ao 10% da carga lectiva da materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

Repetición de curso no bacharelato (Orde 25/01/2022).

- O alumnado que repita 1º curso deberá matricularse de novo de todas as materias.
- O alumnado que repita 2º curso poderá matricularse das materias non superadas ou do curso completo. Neste último suposto non se manteñen as cualificacións das materias aprobadas no curso anterior.

Novidades no calendario de final de curso 2021/2022

A Consellería modificou o calendario escolar para o curso 2021/2022. Estas modificacións figuran na disposición derradeira primeira da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022).

Semana do 6 ao 10 de xuño.

- Terceira avaliación da ESO e entrega de cualificacións.
- Avaliación final ordinaria de 1º de bacharelato e entrega de cualificacións.
- Avaliación final ordinaria de 1º de FP Básica e entrega de cualificacións.

Período do 6 o 22 de xuño.

Para a ESO.

- Deseñaranse actividades de apoio e recuperación para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar.
- Deseñaranse actividades de reforzo e ampliación para o alumnado aprobado.

Para 1º Bacharelato e 1º de FP Básica.

- Preparación das probas extraordinarias, mediante actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Actividades de reforzo e ampliación para o alumnado aprobado.
- Realización das probas extraordinarias entre os días 20 a 22.

Período do 23 ao 30 de xuño.

- Avaliación final da ESO.
- Avaliación extraordinaria de bacharelato e 1º de FP Básica.
- Entrega de notas e reclamacións.

Aclaracións.

1. Desaparecen as probas de setembro.
2. Desaparecen as probas extraordinarias na ESO.
3. O alumnado de 1º de Bacharelato e 1º de FP Básica que supere todas as materias o día 6 de xuño ten xa as notas definitivas, pero deberá seguir asistindo ás aulas ata o día 22.
4. Os criterios para o deseño das actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría de cada departamento didáctico serán publicadas na páxina web do centro a partir do día 13 de abril de 2022.